

GUÍA DOCENTE DE **INSTRUMENTO I-VIII (Corda fretada)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: INSTRUMENTO I-VIII										
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO		Corda fretada (Violín, Viola, Violoncello e Contrabaixo)
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE		Individual
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Corda fretada	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII I	Horas de clase semanais:	1'5 h.
ECTS/CUAD.	9	9	9	9	10	10	10	12	Observacións:	

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuatrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada, coa de lectura a primeira vista, e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Interpretar un repertorio representativo de diferentes épocas e estilos que inclúa obras a só, obras como solista e obras con acompañamento, e mostralo regularmente en concertos públicos.	Todas
Afondar no estudo técnico-artístico do instrumento, desenvolvendo o control sobre a afinación e o son, así como mostrar unha autonomía cada vez maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.	Todas
Desenvolver criterios musicais que fundamenten a interpretación de obras de cada época e estilo, baseándose nos coñecementos harmónicos, formais, históricos e estilísticos adquiridos.	Todas



Manter hábitos de estudo regulares e reflexivos, desenvolvendo a memorización e o control físico e mental necesarios para a actuación en público.	Todas
Mostrar interese por outras manifestacións artísticas da contorna	Todas

4. CONTIDOS

Recursos de técnica instrumental
O estilo interpretativo
Estratexias de aprendizaxe e estudio

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias	Presencial	Ao comezo do cuadrimestre
Exposición maxistral (Contextualización das obras escollidas para o seu repertorio e puntualizacións técnicas das mesmas.)	Presencial	Esporádica
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Práctica individual (Tempo de estudo individual do alumno, que dedicará á práctica instrumental e do repertorio, en clase ou na casa)	Presencial e Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Preparación durante a clase do taballo encomendado para a seguinte sesión.	Presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, concursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, interpretacións públicas con fins socio-culturais, solista ou en formacións camerísticas).	Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial na clase (tempo especial de titoría)	Esporádica
Actividades de avaliación: 1. Probas Audicións e/ou exames de repertorio adecuado, no que demostre o suficiente control técnico durante a interpretación do mesmo. 2. Revisión de probas	1. Presencial 2. Non presencial (tempo especial de titoría)	Medio e final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

<p>A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.</p> <p>A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.</p> <p>No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.</p> <p>*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina para cada un dos instrumentos.</p>
--